

O Servizo de Normalización Lingüística (SNL) do Concello de Teo ten entre os seus obxectivos promocionar o uso da lingua galega entre a poboación teense e, nomeadamente, entre o cadro de persoal da propia entidade.

Tendo en consideración que na primeira infancia o contacto coa lingua é fundamental para a creación da personalidade futura e que a relación das nenas e nenos coas súas coidadoras e coidadores forma parte desa formación, con esta xornada formativa preténdese facer máis visible para as persoas educadoras o material en galego que existe para a primeira infancia. Moitas veces o descoñecemento da existencia de recursos en galego e o costume de consultar fontes de información en castelán fan que os materiais en galego non teñan a difusión e o uso que merecen.

Así, ademais de presentarlles ás educadoras os recursos lúdico-didácticos para poder traballar cos nenos e nenas, estas xornadas de achegamento a recursos en galego remataron coa presentación do portal “Alí, recursos en galego para a educación infantil” <http://aliali.gal/> para facilitarlles ás persoas educadoras o acceso ao material presentado.

PROPOSTA DE OBRADOIRO: Achega de recursos en galego para persoal das escolas infantís

Co obxectivo de promover o uso do galego nas escolas infantís deseñouse esta proposta formativa na que se intercalan actividades de sensibilización (audiovisuais, debates e outras dinámicas para a reflexión) coa presentación dos materiais educativos. Esta presentación faise atendendo a varios aspectos: idade axeitada, competencias que se traballan e se se trata de texto, música, xogos ou audiovisual.

Para facilitarlles ás persoas educadoras o acceso

ao material presentado, cando volvan aos seus postos de traballo, ponse á súa disposición o portal aliali.gal, onde este material aparece ordenado segundo os criterios tratados na xornada. A páxina non só é de interese para profesionais da educación, senón tamén para nais e pais e, en xeral, para calquera persoa ou organización involucrada na formación da infancia.

Destinatarios/as: traballadores/as de escolas infantís públicas e privadas e persoas interesadas.

Calendario: sábado 30 de novembro de 9.30 a 14.00 h e de 15.30 a 19.00 h.

Lugar: Escola Infantil Municipal de Calo.

Condicións: Haberá servizo de canguraxe no caso de que un mínimo de que haxa 5 solicitantes.

Inscripción e prazos: a participación no obradoiro é de balde e emitirase un diploma acreditativo da asistencia.

Debe enviarse un correo electrónico ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Teo (politicalinguistica@teo.gal) cos seguintes datos: nome completo, documento de identidade, teléfono e enderezo electrónico de contacto, nome da escola na que traballa e posto que desempeña. No caso de solicitar servizo de canguraxe durante a xornada deberá indicalo aquí.

As 25 prazas dispoñibles no obradoiro, con preferencia para persoas traballadoras municipais, asignaranse por orde de entrada dos correos. Unha vez recibido o correo e comunicárase a todas as persoas inscritas se foron admitidas ou quedaron na listaxe de agarda. As renuncias que se produzan cubriranse pola orde da listaxe de agarda.

Organización: O Servizo de Normalización Concello de Teo convoca este obradoiro dentro do programa “Apego” que xestiona o Servizo de Normalización Lingüística (Tfno.: 881 956 082 politicalinguistica@teo.gal).

Deseño e contidos do obradoiro e do portal Alí: Fabaloba.